Descripcion del recorrido

A saida que imos facer discurre polo concello de Touro, a beira dos ríos Beseño, Lañas e Ulla, afluentes uns dos outros por este orden, aproveitando os sendeiros de pequeno recorrido PR-G 121 e PR-G 93

A importancia desta ruta e tanto medioambiental como etnográfica. Adentrámonos nunha tupida fraga de sobreiras, carballos e castiñeiras, misturado coa vexetación típica de ribeira. Atoparemos tamén duas fervenzas: a do Salto das Pombas e a do Inferniño.

A presencia do home manifestase decontado, veremos varios muíños (algún deles restaurado), ouriceiras (pequenas construcciónes para protexer as castañas dos animais), algún resto das antigas pesqueiras (que se utilizaban para capturar os peixes do río), e nas sobreiras as marcas que quedan despois de quitarlles o corcho.

A primeira parte do camiño comenza na área recreativa de Santaia e ten bastantes subidas e baixadas, máis para facilitar o acceso a calquera persoa, nas zonas mais complicadas, instalaron escadas e pasamáns de madeira. Dende aquí collemos un sendeiro rodeado de vexetación que, en dirección sur, discurre a beira do río Lañas. Despóis de andar aproximadamente dous kilometros, atopamos os muiños da Carballa, rehabilitados recentemente. Continuamos a nosa ruta hasta atopar a estrada que ven de Fao e, despois de atravesala, nos leva a fervenza coñecida como Salto das Pombas cunha caída de dez metros de altura e situada nunha paraxe de gran fermosura.

Continuamos río abaixo e, logo de atopar unha alambrada que pecha unha finca, desviamonos do río. Subimos un repechiño e cambiamos a unha pista de terra rodeada de piñeiros que, tras cruzar-la ponte nun lugar onde podemos ver un muiño e unha pequena represa, nos leva cara o río Beseño por un bonito camiño entre a fraga.

Despois de pasar este pequeno río volvemos ao Lañas e baixando ao seu carón, entre fragas e vexetación de ribeira, deixando algún vello muíño atrás, chegamos ao seu econtro co Ulla.

Na Ponte Basebe enlazamos coa segunda parte do noso percorrido que discurre por sendas de pescadores, camiños de carro, grandes fragas e carballeiras, pasando pola oculta fervenza do Inferniño, ata o Pozo do Prego, unha zona máis ancha e profunda no río, cerca de San Pedro de Ribeira onde remataremos a nosa xornada.

Distancia: 22 Km.
Dificultade: media-baixa.
Duración: 8 h.

Mapa de situacion



PROXIMAS ACTIVIDADES

- ✓ *10 de junio 2012:* Cenlle, balcón do rio Avia
- ✓ *15 y 16 de junio:* Somiedo-Babia
- ✓ *20 al 30 de julio de 2012:* Salida internacional a el parque de la Vanoise

Para mas información, visitar la Web del Club.

Teléfono: 981 213115
Correo: artabros@artabros.org

SOCIEDADE DE MONTAÑA
ARTABROS

COÑECE E CAMINA



27 de mayo de 2012

ENTRE RIOS Y FRAGAS
A.R. SANTAIA - S. PEDRO DA RIBEIRA
(TOURO)


Área Recreativa de Santaia - Ponte Basebe
240 m
210 m
180 m
150 m
120 m
9 Km
Exaxeración vertical X 10


Ponte Basebe - S.Pedro de Ribeira
200 m
150 m
100 m
50 m
12,8Km
Exaxeración vertical X 10


Touro
Área recreativa e muiño de Santaia
Muiños da Carballa
Salto das Pombas
Cornado
S. Pedro de Ribeira
O Pozo do Pego
Fao
Fervenza do Inferniño
Sestelo
Basebe
Ponte Basebe
RIO BESEÑO
RÍO LANAS
RÍO ULLA